



## Concello de Xermade

### ACTA DE APERTURA DAS OFERTAS PRESENTADAS Á LICITACIÓN "SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE ALUMEADO NO CONCELLO DE XERMADE" (PLAN ÚNICO 2018 – 2ª licitación)

Reunidos no salón de plenos da casa consistorial, o día 23 de abril de 2019, ás 10.15 horas, a mesa de contratación convocada para o citado día, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Roberto García Pernas, coa asistencia dos seguintes vogais: D. Ernesto Ares Yañez e Dª. María Cristina Varela García.

Non asiste o vogal D. Darío Pernas Villares, quen por razóns de servizo non pode abandonar o seu posto de traballo.

Da fe do acto a Secretaria da mesa, Dª. Ana Oseira Portela.

Aberto o acto pola presidencia, procédese á apertura de sobres do contrato mixto de subministro e obra de "Substitución de equipos de alumeado no Concello de Xermade", financiado con cargo ao Plan Único 2018, cun orzamento de licitación que ascende a 49.842,52 euros (IVE INCLUÍDO), o que supón unha base de 41.192,00 euros; mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria.

O anuncio de licitación e os pregos foron publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o 02/04/2019, finalizando o prazo de presentación de ofertas o 17/04/2019.

A Secretaria da mesa procede ao reconto das ofertas presentadas e á súa confrontación cos asentos do libro rexistro, de acordo ao informe de data 22 de abril de 2019 (que figura unido ao expediente de contratación):

EMPRESA	REXISTRO ENTRADA	DATA
Emprende e Construe, SL	2019-E-RC-613	12/04/2019
Mabegal, SL	2019-E-RC-614	12/04/2019
Proxecta Obras e Servicios, SL	2019-E-RC-615	12/04/2019
Globalser Soluciones Integrales, SLU	2019-E-RC-616	12/04/2019
Manuel Novoa Castro, SLU	2019-E-RC-631	17/04/2019
Hallmann Energie, SL	2019-E-RC-633	17/04/2019
Electricidad Codesal y Vázquez, SC	2019-E-RC-635	17/04/2019
Elecnor, SA	2019-E-RC-636	17/04/2019
Sinrix Reparaciones, SL	2019-E-RC-638	17/04/2019
Electricidad Moncho y Santomé, SL	2019-E-RC-639	17/04/2019
S3 Systems & Soluciones, SL	2019-E-RC-643 (fax con xustific. correos RE.2019-E-RC-641 de data 17/04/2019)	22/04/2019
Instelec, SL.	2019-E-RC-644 (correo electrónico con xustific. correos R.E. 2019-E-RC-630 de data 17/04/2019)	22/04/2019

Todas as ofertas foron presentadas dentro do prazo.

## Concello de Xermade



## Concello de Xermade

---

Procédese á apertura do sobre A (Documentación Administrativa e Documentación cuxa ponderación depende dun xuízo de valor), resultando que dúas ofertas, as presentadas polas empresas Electricidad Codesal y Vázquez, SC e Sintrix Reparaciones, SL non presentan inscrición no rexistro de licitadores. Pola mesa comprobouse se están inscritas no ROLECE ou no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, e resulta que non están inscritas en ningún deles, polo que resultan excluídas no presente procedemento de contratación, consonte ao disposto no prego.

O resto dos licitadores resultan admitidos, previa comprobación da inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A secretaria-interventora indica que a mesma persoa actúa como representante das licitadoras Mabegal, Proxecta e Emprende e Constrúe, sen que conste a declaración de que se trata de empresas vinculadas, polo que procede solicitar aclaración ao respecto, antes da apertura da oferta económica.

A continuación, a mesa de contratación, visto que os sobres A conteñen os criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor e que se precisaría dun/ha técnico/a especialista na materia, con titulación suficiente (enxeñeiro técnico industrial ou similar) do que carece a plantilla do Concello de Xermade, acorda solicitar á Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo asistencia para a dita valoración.

Levántase o acto sendo as 10.53 horas da data que figura no encabezamento e queda pendente unha nova reunión da mesa unha vez que sexa designado o antedito técnico e de que este realice a valoración correspondente.

Xermade, o 23 de abril de 2019.

A Secretaria da mesa

Ana Oseira Portela.

Visto e prace

O presidente

Roberto García Pernas

*DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE*

---

**Concello de Xermade**

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027